



Gabinete de prensa: Rúa Touro nº 21, 1º andar, 15704. Compostela
981 554 147 / 649 541 773 / prensa@sindicatolabrego.com

Nota de prensa
do SLG

04-09-2008

O SINDICATO LABREGO GALEGO NON AVALA UN CONTRATO HOMOLOGADO SEN PREZO PARA A PATACA

A demanda dun Contrato Homologado, no que se estableza un Prezo Base Mínimo que dea estabilidade ao sector produtor de patacas, é unha das reivindicacións históricas do Sindicato Labrego Galego .

Este sector atópase inmerso dende hai anos nunha dinámica de fortes **oscilacións de prezos entre campañas**, que perxudican tanto a produtores/as como a consumidores/as.

Nos derradeiros meses creouse unha mesa para buscar medidas de apoio ao sector, que pasan por mellorar o asesoramento técnico, os sistemas de produción, a xestión de residuos e buscar medidas que reduzan os altísimos custos de produción á vez que nos adaptamos ás necesidades do mercado.

Xunto cun Contrato Homologado, haberíase de crear unha Comisión de Seguimento na que a súa función sexa a de realizar un seguimento, vixianza e control do contrato.

Un contrato debe de satisfacer a ámbalas dúas partes, tanto ao comprador/a como para o vendedor/a. Ao comprador/a garantíndolle unha cantidade e unha calidade de produto e ao vendedor/a garantíndolle unhas condicións de pago e un prezo mínimo.

Elaborar un Contrato Homologado sen establecer un prezo mínimo é o mesmo que proporcionar aos traballadores/as dunha empresa un convenio colectivo sen garantías do que van cobrar a fin de mes.

Ao mesmo tempo **déixase á parte compradora carta branca para negociar de forma individual marxes de beneficio**, na procura do establecemento dun control ao produtor/a que, en troques de axudalo a reducir custes de produción, **exprimirá aínda máis as poucas marxes de beneficio que lle quedan a final de ano ao labrego ou labrega.**

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Anxo Pérez Rúa, responsable do sector da pataca n´A Limia ,

606 35 32 58.